



Xornadas A Parentalidade Positiva, O mellor legado para os fillos e fillas

Estimadas Familias,

A evolución que experimentou a sociedade e, dentro dela a familia, obriga aos proxenitores a desempeñar o seu rol parental dunha maneira diferente ao que era tradicional, tanto na asunción de responsabilidades e a organización dos tempos como na práctica de estilos parentais. Os proxenitores ademais de ser capaces de xestionar o seu tempo (persoal, laboral, social) sen desatender a atención aos seus fillos e fillas, deben levar a cabo un labor parental eficaz e positiva, o que require que coñezan e practiquen métodos e estratexias educativas adecuadas adaptadas ás necesidades dos seus fillos e fillas. Isto non sempre resulta sinxelo, o que provocou que as administracións tomasen conciencia diso.

Así o Consello de Europa instou aos Estados membros a poñer en marcha accións de apoio para o exercicio positivo da parentalidade, definíndoa como o “*comportamento dos pais fundamentado no interese superior do neno, que coida, desenvolve as súas capacidades, non é violento e ofrece recoñecemento e orientación que inclúen o establecemento de límites que permitan o pleno desenvolvemento do neno*”.

En sintonía con estas recomendacións, a Dirección Xeral de Familia e Política Social mostra interese en promover a Parentalidade Positiva, levando a cabo diferentes accións. Unha delas é a organización unha vez máis, en colaboración coa universidade, das xornadas, dirixidas ás familias, ***Parentalidade Positiva, O mellor legado para os fillos e fillas***, ás cales lles convidamos a que asistan.

Nas Xornadas ***Parentalidade Positiva, O mellor legado para os fillos e fillas*** abordarase o beneficio que a práctica da parentalidade positiva pode ofrecerlle ás familias, especialmente aos fillos e fillas, e darase, a todos os asistentes, a oportunidade de consultar calquera cuestión relacionada con ela. Como novidade, nas xornadas deste ano abordaremos o exercicio da parentalidade positiva en situacións de ruptura de parella.

A asistencia ás xornadas é gratuíta, aínda que para unha mellor organización das mesmas e por cuestións de aforamento, é desexable que quen vaia a asistir inscribase nesta ligazón (www.parentalidadpositiva.com/inscripcion) especialmente aqueles que desexen contar cun certificado de asistencia.

As datas e lugares de celebración son as seguintes:

DATA	HORA	LUGAR
14 Novembro	18:30h	Facultade de Relacións Laborais de Santiago de Compostela (Campus Vida, Avenida Dr. Ángel Jorge Echeverri, s/n, 15782 Santiago de Compostela)
15 Novembro	18:30h	Salón de Actos da Facultade de Humanidades de Lugo (Complexo docente do campus de Lugo, s/n, 27002, Lugo)
16 Novembro	18:30h	Salón de Actos da Facultade de Fisioterapia de A Coruña (Campus de Oza, s/n. 15006 A Coruña)
17 Novembro	18:30h	Salón de Actos do Campus de Ferrol (Campus de Esteiro, 15403 Ferrol)
21 Novembro	18:30h	Facultade de CC. da Educación de Ourense (Campus Universitario As Lagoas s/n, 32004 Ourense).
22 Novembro	18:30h	Salón de Actos da Escola Enxeñería Forestal de Pontevedra (Campus a Xunqueira, s/n - 36005 Pontevedra)
23 Novembro	18:30h	Auditorio do Areal de Vigo (Rúa Areal, 46, 36201 – Vigo)

Esperamos verles nas Xornadas “Parentalidade Positiva, O mellor legado para os fillos e fillas”